

A Cámara prepara o seu plan de accións de promoción exterior

Pendente da firma coa Consellería de Economía e Industria do Plan de Fomento das Exportacións Galegas-Foexga 2011, que se espera se formalice en breve, o departamento de comercio exterior da Cámara de Comercio de Ferrol ten previsto desenvolver actuacións de promoción en diferentes mercados.

Así, de cara ao segundo semestre do ano, contéplase a convocatoria dunha misión comercial a Alemaña, un mercado tradicionalmente atendido por esta Cámara debido ao interese mostrado polas empresas galegas, tanto a través das consultas que se atenderon como das inscricións nas accións de promoción que se convocaron para este destino.

Cómpre destacar o feito de que este país figura no quinto lugar no ránking de clientes das exportacións galegas e que representa o mercado de maior dimensión en Europa, cuns datos macroeconómicos que dan mostra da súa recuperación por diante doutras economías do continente.

Tamén se pretende organizar outra misión directa para captar potenciais clientes en Serbia e Macedonia, mercados relativamente pequenos pero que se empezaron a explorar hai uns anos polo seu crecemento e polo avance nas súas relacións coa Unión Europea, o seu principal socio comercial.

As oportunidades de negocio para as compañías galegas atópanse especialmente no sector da construción e nos produtos de gran consumo (alimentos, téxtiles, etc).

Ademais destas accións de carácter multisectorial, prevense outras específicas para o sector naval e o de materiais de construción.

No caso do naval e a súa industria auxiliar, vaise programar a visita á feira Neva, que se celebrará en San Petersburgo no mes de setembro. Trátase de aproveitar a declaración de 2011 como ano de España en Rusia e a demanda potencial de importacións da Federación Rusa que ten que renovar a súa flota mercante e pesqueira.

A cámara xa acudiu, cun grupo de nove empresas galegas, á anterior edición deste certame, que reuniu a máis de seiscentos expositores de todo o mundo e recibiu a 25.000 visitantes.

Preténdese, ademais, organizar, por segundo ano consecutivo, outra misión comercial a Australia. En setembro de 2010, a Cámara xa viaxou con 24 firmas galegas a Adelaida e Melbourne e que máis do 60%



destas empresas consideraron moi positivos os resultados obtidos, ao ter conseguido, contactos que poderían representar novos socios ou clientes.

Dado que, ademais, a práctica totalidade dos integrantes desta expedición comercial manifestou o seu interese por volver a aquel mercado, desde o departamento de promoción exterior decidiuse incluír esta acción no convenio do Plan FOEXGA para este ano 2011.

Finalmente, a Cámara facilitará ás empresas de materiais de construción o contacto con importadores de Ucraína e Romanía que viaxarán ata Galicia para explorar oportunidades de negocio nestes dous mercados.

